Avda. Compostela, Nº 50
15930 – Boiro (A Coruña)
☎ 881 866 601 - 🗎 Fax: 881 866 609
ies.praia.barrana@edu.xunta.gal
http://centros.edu.xunta.es/iespraiabarrana

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO ABRIL 2020		
MOTIVO MODIFICACIÓN		
Alerta sanitaria motivada pola COVID -19 que motivou o decreto do estado de alarma.		
CURSO	**DEPARTAMENTO**	**DATA MODIFICACIÓN**
2019 – 2020	ARTES PLÁSTICAS	6 DE MAIO DE 2020
NIVEL	**MATERIA**	
BACHARELATO	DEBUXO TÉCNICO 2	
ORDE do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.		
A presente modificación da programación didáctica atende ao disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.		

1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA MATERIA

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
PROCEDEMENTOS: Análise de documentos. Heteroevaluación. **INSTRUMENTOS:** Exames individuáis por escrito coa posibilidade de consultar apuntes
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
A NOTA DA MATERIA SERÁ O RESULTADO DA SEGUINTE FÓRMULA XERAL: **[(N1 + N2) / 2] + T** **N1** é a nota media do 1º trimestre **N2** é a nota media do 2º trimestre **T** é a puntuación entre 0 e 2 obtida no 3º trimestre (Esta puntuación nunca restará á media dos dous primeiros trimestres) O alumnado que despois de aplicada a fórmula de arriba para obter a nota final non aprobe se acollerá ao **Plan de Recuperación avaliación ordinaria**. Para superalo deberá realizar un exame, do que se lle informará chegado o momento. sobre os estándares mínimos traballados durante a 1ª e a 2ª avaliación, o 100% da nota final

Avda. Compostela, Nº 50
15930 – Boiro (A Coruña)
☎ 881 866 601 - 🗎 Fax: 881 866 609
ies.praia.barrana@edu.xunta.gal
http://centros.edu.xunta.es/iespraiabarrana

ordinaria será determinada pola cualificación obtida neste exame do Plan de Recuperación. O alumnado que non supere o plan de recuperación ordinario deberá acollerse ao **plan de recuperación de setembro.**
RECUPERACIÓN DA MATERIA (proba extraordinaria de setembro)
O plan de recuperación ordinario consistirá nun un **exame** sobre os estándares mínimos traballados durante a 1ª e a 2ª avaliación, do que se lle informará chegado o momento. O **100%** da nota final ordinaria será determinada pola cualificación obtida neste exame do Plan de recuperación extraordinaria.

2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS AVALIABLES NO CURSO 2019 - 2020

CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDARES BÁSICOS 1ª/2ª AVALIACIÓN
B1.1. Resolver problemas de **tanxencias** mediante a aplicación das propiedades do **arco capaz**, dos **eixes e centros radicais** e/ou da transformación de circunferencias e rectas por **inversión**, indicando gráficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posible solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos. DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
B1.2. Debuxar **curvas cónicas** e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, **tanxencia** ou incidencia.	DT2.B1.2.2. Resolve problemas de tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado. DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía.
B1.3. Relacionar as **transformacións homolóxicas** coas súas aplicación á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.	DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.
B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relación métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais.	DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o **paralelismo** e a **perpendicularidade** entre rectas e planos, utilizando o **sistema diédrico** como ferramenta base para resolver problemas de **pertenza**, **posición**, mínimas **distancias** e **verdadeira magnitude**. DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas. DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, **ángulos** e figuras planas utilizando

Avda. Compostela, Nº 50
15930 – Boiro (A Coruña)
☎ 881 866 601 - 🗎 Fax: 881 866 609
ies.praia.barrana@edu.xunta.gal
http://centros.edu.xunta.es/iespraiabarrana

	xiros, abatementos ou cambios de plano en sistema diédrico. DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos **poliedros regulares**, **prismas e pirámides** en posición favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas. DT2.B2.2.2. Determina a **sección plana** de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies cilíndricas e cónicas (**prisma e pirámide**), debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. DT2.B2.2.3. Acha a **intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos** coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída DT2.B2.2.4. **Desenvolve superficies cilíndricas e cónicas (prisma e pirámide)**, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatementos ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.
B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispondo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadasnos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as sección planas principais.	DT2.B2.3.2. Debuxa **axonometrías** de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispondo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (REPASO, REFORZO, RECUPERACION E, NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

Actividades
Actividades e probas gráficas con diferentes grados de desenvolvemento Exercicios solucionados. Visualizacións audiovisuais para analizar procedementos.
Metodoloxía ***(alumnado con conectividade e sen conectividade)***
Empregáronse as metodoloxías habituais adaptándoas ás circunstancias: - As explicacións das actividades foron realizadas a través de enunciados escritos, acompañados de vídeos e enlaces a outros recursos didácticos que complementaban as presentacións das actividades, así como a utilización dun blog e correo para atender as diferentes consultas. - Realización de actividades que so requiren un uso de material básico (lapis, goma, ceras ou rotuladores de cores, compás e regras). - Proporción de máis tempo do habitual, para a realización das actividades así como flexibilidade nas datas de entrega en función das circunstancias xeráis ou particulares debidamente xustificadas.

Avda. Compostela, Nº 50
15930 – Boiro (A Coruña)
☎ 881 866 601 - 🗎 Fax: 881 866 609
ies.praia.barrana@edu.xunta.gal
http://centros.edu.xunta.es/iespraiabarrana

Materiais e recursos
1. Utilización dunha **web**, deseñada para o período de suspensión das clases, onde se expón os materiais e recursos: apuntes imprimibles, enunciados de exercicios coas solucións dos mesmos e nalgúns casos indicando os pasos a seguir, vídeos explicativos e enlaces a recursos varios como axuda á hora dunha mellor comprensión das actividades 2. **Web do departamento** utilizada ao longo do curso con máis recursos didácticos. 3. **Blog** e correo para consultas e envío de actividades. 4. **Aula virtual** do Centro.

4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE BÁSICOS NON AVALIADOS DURANTE O PRESENTE CURSO.

CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDARES BÁSICOS
B2.2. Representar **cilindros e conos** mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as sección planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.	DT2.B2.2.1. **Representa cilindros e conos** de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida. DT2.B2.2.2. Determina a **sección plana** de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies cilíndricas e cónicas (**cilíndro e cono**), debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. DT2.B2.2.3. Acha a **intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos** coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída DT2.B2.2.4. **Desenvolve superficies cilíndricas e cónicas (cilíndro e cono)**, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatementos ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.
B2.4. Debuxar **perspectivas cónicas** de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final.	DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispondo a súa orientación para simplificar o seu trazado. DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.

Avda. Compostela, Nº 50
15930 – Boiro (A Coruña)
☎ 881 866 601 - 🗎 Fax: 881 866 609
ies.praia.barrana@edu.xunta.gal
http://centros.edu.xunta.es/iespraiabarrana

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

O alumnado e as familas foron debidamente informados dos diferentes cambios e adaptacións da programación a través do correo electrónico, que é o medio actual de comunicación máis claro e directo e tamén da plataforma Abalar Móbil.

PUBLICIDADE

Estas modificacións á programación do Departamento de Artes Plásticas están publicadas na páxina web do centro, no menú reservado ao noso Departamento.

O/A Xefe de Departamento

Francisco Blanco Alcaide

……